

MOM NUMM

DIFUSIÓN DO PATRIMONIO RESTAURADO

EN

Dossier de prensa

XUNTA DE GALICIA

IA

**400
NUMM**

PRIMONIO RESTAURADO

EN

TA

MONUMENTA

Difusión do patrimonio restaurado

A riqueza que nos rodea é, por fortuna, unha descuberta permanente. Ás veces, os espazos máis afastados ábrennos as portas para que deamos albiscado, no cabo dun feixe de luz concentrado, os restos dun fresco de tons encarnados ou un ollar centenario tallado nunha pedra puída polo tempo. Outras veces, esa descuberta preséntase ao pé da casa, sen irmos lonxe, entre os muros que tantos días nos acolleron sen que reparásemos na súa singularidade.

Decote isto acontece tamén co traballo creativo dos que temos máis preto ou dos que con naturalidade desenvolven os seus saberes artísticos ao longo da nosa xeografía: músicos, contadores de historias etc. Esta beleza e creatividade que nos é cotiá é parte da nosa riqueza colectiva e facérmonos consciente do seu valor, do seu engado, da súa forza expresiva, é imprescindible para o noso ben colectivo.

MONUMENTA: difusión do patrimonio restaurado é un programa de actividades culturais por igrexas, mosteiros e outros edificios históricos galegos nos que se estiveron realizando diferentes restauracións de interese arquitectónico e artístico.

Con este ciclo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pretende divulgar algunhas intervencións executadas recentemente, para que sexan coñecidas e aproveitadas polo conxunto da cidadanía, a do propio lugar e a que teña interese por coñecer o patrimonio e a súa conservación lograda co esforzo de todos. E faino a través dunha proposta de dinamización artística destes espazos coa participación da cidadanía, para descubrir e promover colectivamente os nosos monumentos, as nosas tradicións e paisaxes como grandes referentes do patrimonio material e inmaterial de Galicia.

Catedral de Tui (Pontevedra)

**Igrexa do Mosteiro de Santa María de Armenteira.
Meis (Pontevedra)**

Santuario da Angustia. Betanzos (A Coruña)

**Mosteiro de San Xusto de Toxos Outos. Lousame
(A Coruña)**

**Igrexa de Santa María de Nogueira de Miño.
Chantada (Lugo)**

**Igrexa do Mosteiro de San Salvador de Vilanova de
Lourenzá (Lugo)**

Igrexa de San Miguel de Osmo. Cenlle (Ourense)

Igrexa do Mosteiro de San Clodio. Leiro (Ourense)

**Igrexa da Santa Cruz de Terroso. Vilardevós
(Ourense)**

Igrexa de San Pedro de Moreiras. Toén (Ourense)

Unha programación lúdica para poñer en valor o patrimonio

Valorar o patrimonio significa facernos recordar algo que é evidente pero que, como todas as cousas que están aí de sempre, perante nós, pode pasar desapercibido: o patrimonio é valioso. “Valor”, etimoloxicamente, remite a *valere* “ser forte”. Polo tanto, poñer en valor o patrimonio sería tamén, dunha forma simbólica, “facer forte” o noso patrimonio.

A nosa actividade pretende fortalecer o patrimonio da única forma posible: achegándoo á cidadanía de xeito que re-descubramos o que temos colectivamente. Parte do sentido deste reencontro é facer unha celebración, un acontecemento para coñecer e gozar o noso patrimonio.

A participación dos asistentes é, polo tanto, o núcleo central da programación de *Monumenta* e a garantía de que son eses vínculos das persoas co patrimonio o que vai garantir a nosa protección e valoración colectiva. De aí que boa parte da actividade dos obradoiros estea enfocada a buscar na memoria colectiva os nexos persoais, o vínculo afectivo entre a propia vida e a memoria do existente.

A conservación o patrimonio pasa pola súa vivencia, por establecer unha conexión persoal entre vida e paisaxe cultural. Se eses vínculos se manteñen, o seu coidado tórnase algo natural.

Un mes intenso de actividades por toda Galicia

Do 9 de novembro ao 8 de decembro de 2013 desenvolveranse diferentes actividades que conectan a creatividade artística, a diversión compartida e a aprendizaxe vinculada á restauración e conservación do patrimonio.

A programación de *Monumenta* ao longo de diversos espazos do patrimonio galego une, en cada xornada lúdica programada, a música, os obradoiros didácticos infantís e para familias, visitas guiadas para todos os públicos e faladoiros nos que os técnicos especialistas darán a coñecer as diferentes intervencións de restauración e conservación realizadas nestes edificios.

Catedral de Tui (Pontevedra)

9 de novembro

17:00 Obradoiros para familias Conservamos e restauramos: pintura, retablos e cubertas

18:00 Concerto acústico de Rosa Cedrón

A actividade lúdica e de aprendizaxe para coñecer como son os procesos de restauración dos bens patrimoniais complétase en Tui coa intervención artística de Rosa Cedrón, a voz que gravou innumerables cancións no corazón dos galegos, tanto en solitario como na anterior etapa con Luar na Lubre. A súa versatilidade, a frescura e a súa expresividade foron as mellores armas para converterse nunha das cantantes galegas de maior proxección. Compatibilizando a gravación do seu segundo álbum en solitario, desenvolve numerosas colaboracións con Mike Oldfield e participa en proxectos paralelos como o “Cantando a Galicia” ou o iniciado con Cristina Pato, “Soas”. Colaboradora habitual do programa “Luar” da TVG, desenvolve na súa última etapa un espazo onde repasa os grandes temas da nosa historia musical.

Santuario da Angustia. Betanzos (A Coruña)

10 de novembro

12:00 Obradoiros infantís sobre arquitectura e restauración no Liceo de Betanzos

16:30 Paseo sonoro coa participación dos gaiteros “Pepe Temprano e os seus Mariachis” e Alfredo Erias, historiador e narrador do paseo. (Saída desde a Estación Betanzos-Infesta ata o Santuario)

Para completar a xornada iniciada de mañá cun obradoiro dirixido á xente miúda sobre arquitectura e restauración, pola tarde *Monumenta* convida a un paseo sonoro local e singular. O gaitero

Pepe Temprano é a segunda xeración dos Tempranos de Eirís (o primeiro cuarteto de gaitas que houbo nas Mariñas e historia viva da gaita en Galicia). Desenvolveu toda a súa vida laboral na Fábrica de Tabacos da Coruña desde onde as súas Cigarreiras ían en romaría ata a Igrexa das Angustias.

A palabra fíaa nesta andaina Alfredo Erias, historiador, pintor, debuxante e gravador, e director do Museo das Mariñas, en Betanzos.

18:00 Concerto na igrexa: Pedro Lamas e Xosé Lois Romero

Para pechar a xornada, as portas da igrexa ábrense a dous dos músicos de referencia nas propostas máis actuais da música galega.

Pedro Lamas é saxofonista, gaiteiro, arranxista e compositor. É un músico formado na tradición, con numerosos galardóns neste campo. É fundador de prestixiosos grupos como Lelia Doura ou Luvas Verdes, e colaborador doutros como Uxía Senlle, Guadi Galego, Susana Seivane, Nova Galega de Danza etc. **Xosé Lois Romero** foi formado desde neno na música popular galega, exerceu de percusionista en numerosas formacións tradicionais e, desde 1995, é membro do Grupo Tradicional da AGADIC, dependente da Xunta de Galicia, onde realiza traballos de interpretación, investigación, docencia e publicación de material audiovisual sobre patrimonio musical galego. Forma parte, con Guadi Galego e Xabier Díaz, do grupo Acadacanto.

Igrexa de San Miguel de Osmo. Cenlle (Ourense) 16 de novembro

16:30 Obradoiros para familias sobre restauración de pinturas e Faladoiro cos veciños e veciñas nos que se recollerán, en conversa informal, as lembranzas vinculadas ao lugar

17:30 Concerto da Rondalla Alfaia de Cenlle

A actividade en Cenlle comeza pola tarde, nun espazo de encontro

para aprender, compartir e falar. Tamén para recuperar a memoria e que os máis novos a coñezan. E a media tarde, comeza a festa. A Asociación Cultural Alfaia naceu no ano 2002 froito das inquietudes musicais dun grupo de afeccionados á música. Na actualidade o grupo está formado por doce membros (tres bandurras, catro laúdes e cinco guitarras) dirixidos por D. Francisco Villalonga Baños, un profesional da música con máis de corenta anos de experiencia na ensinanza dos instrumentos de pulso e púa.

O repertorio da formación é moi variada e abrangue melodías populares, clásicos intemporais da música e cancións de tuna, mostrando que o grupo non é unha *rondalla* ao uso, senón unha formación de carácter ecléctico.

Igrexa de Santa María de Nogueira de Miño. Chantada (Lugo)

17 de novembro

16:30 Obradoiros para familias sobre restauración de pinturas e Faladoiro cos veciños e veciñas nos que se recolleran, en conversa informal, as lembranzas vinculadas ao lugar

17:30 Concerto da Coral Polifónica de Chantada

Entrevista e diálogos coa coral a cargo de Xurxo Souto

A programación de *Monumenta* en Santa María de Miño convida a achegarse a primeira hora da tarde ao labor de recuperación das pinturas desta igrexa de Chantada. O encontro permitirá tamén compartir a memoria das vivencias vinculadas a este lugar.

Unha hora despois, a música vén da man da Coral Polifónica de Chantada. Esta agrupación musical foi fundada en xullo de 1964 polos veciños de Chantada xunto co párroco Modesto Fernández Rodríguez, que foi director da Coral ata 1992. Na actualidade conta con 34 compoñentes que traballan baixo a dirección de Marcos Fernández Varela, veciño da localidade.

Ao remate da actuación, Xurxo Souto, cantante, acordeonista, escritor, locutor e licenciado en filoloxía clásica, establecerá un diálogo cos integrantes da coral que permitirá afondar no traballo desta.

Igrexa do Mosteiro de Santa María de Armenteira. Meis (Pontevedra)

23 de novembro

**16:30 Obradoiros para familias sobre as fachadas das igrexas e
Faladoiro con visita guiada**

**17:30 O Mosteiro de Armenteira na fita cinematográfica
Proxección do filme histórico “Noticieiro Folk 1932” con música
ao vivo**

O 23 de novembro teremos a oportunidade de coñecer en detalle o valor artístico e histórico da igrexa de Santa María de Armenteira. Os máis pequenos indagarán activamente nas intervencións nas fachadas das igrexas, para despois coñecer, na visita guiada para todos os públicos, o conxunto arquitectónico de Armenteira. A seguir comeza o “Noticiario Folk 1932”, un espectáculo que arranca coa proxección do filme histórico recuperado en 2012 por aCentral Folque e o CGAI, que se acompaña de música ao vivo –especialmente composta para a ocasión– do grupo Comisa Bal. 15+ A introdución histórica corre a cargo de Ramom Pinheiro e Martin Pawley, que falarán sobre o cinema e a música nos anos 30 e, en especial, sobre a aparición do Mosteiro neste fita.

18:45 Contacontos: Charo Pita, contadora e cantante

E para rematar, sentamos a escoitar historias. Hai dúas décadas a escritora Charo Pita (A Coruña, 1966) comezou a contar relatos para nenos e adultos. Hoxe é un referente da narración oral de Galicia. Amante da palabra en todas as súas posibilidades, gañou premios literarios e publicou libros infantís, relatos para adultos, libros de

poemas, así como artigos sobre a narración oral e a creación literaria en revistas especializadas.

Igrexa do Mosteiro de San Clodio. Leiro (Ourense) 24 de novembro

16:30 Talleres para familias sobre restauración de pinturas e Visita guiada

17:30 Concerto acústico de María do Ceo

A restauración das pinturas e o achegamento ao valor arquitectónico e artístico de San Clodio centrarán a programación da primeira parte da xornada. Despois, acomodámonos para escoitar a María do Ceo, unha cantante de fado galega, residente en Ourense, pero nacida na cidade portuguesa de Porto. Din dela os críticos que nos achega o Fado como ata ninguén o fixera antes, unindo as súas múltiples influencias ao sentir portugués e á dozura natural do idioma galego. María do Ceo está dotada de calidades vocais excepcionais, envolve de inmediato ao público nun ambiente máxico. Cunha sólida carreira internacional -foi recoñecida e condecorada como embaixadora da cultura galega no mundo- ten sempre o Fado como inspiración primordial.

Mosteiro de San Xusto de Toxos Outos. Lousame (A Coruña) 30 de novembro

16:30 Obradoiros para familias sobre restauración: pintura, retablos e cubertas e Faladoiro cos veciños e veciñas nos que se recollerán, en conversa informal, as lembranzas vinculadas ao lugar

17:30 Concerto acústico de música antiga Grupo 1500

Ademais de coñecermos o conxunto das intervencións acometidas recentemente no conxunto do mosteiro, esta tarde será unha oportunidade para o encontro coas veciñas e veciños do lugar, para achegármolos, da boca deles, á memoria das vivencias recentes destes muros. Despois, o grupo 1500. Dirixido por Andrés Díaz, é unha formación vocal e instrumental dedicada á interpretación da música antiga. O seu repertorio abrangue desde a música composta nos séculos centrais e finais da Idade Media, ata a música do Renacemento e primeiro Barroco, tomando como referente central o ano 1500 que lle dá nome ao grupo.

Os e as integrantes de 1500 contan cunha ampla traxectoria concertística, como membros ou colaboradores doutras formacións de ámbito nacional e internacional e teñen ofrecido numerosos concertos en Galicia, España e no resto de Europa.

Igrexa do Mosteiro de San Salvador de Vilanova de Lourenzá (Lugo)

1 de decembro

11:30 Obradoiros infantís sobre as fachadas das igrexas

17:00 Performance musical e poética de UgMOV, con Ugia Pedreira e Marina Oural Villapol

Monumenta prepara en Lourenzá unha xornada completa de achegamento ao patrimonio e á creatividade. De mañá, os máis cativos poden achegarse aos obradoiros para saber máis das entradas das igrexas. E pola tarde, *Unha faba, unha vida...* unha performance músico-poética de UgMov. A poesía e a composición musical son o sentimento das hortas do Val de Lourenzá e os mares fondos da Mariña onde a faba pasa a ser obxecto de declamación. Ser ou non ser... de aldea é a gravidade que apuxa a que estas dúas artistas unan o seu traballo na palabra, na música e no corpo.

Ugia Pedreira *Ug, accede á a súa voz máis íntima e ás súas

composicións máis gardadas. Marina Oural Villapol*, MOV, vai ás palabras sentidas pola vida e recitará os versos que lle saíron da alma. Os mundos delas atopáronse nas Altas Terras do Norte, no sentido tácito que dá un espazo-tempo na casa patrucial, desde unha infancia crúa e riquísima a unha adolescencia soñadora mar por medio.

Igrexa da Santa Cruz de Terroso. Vilardevós (Ourense)

7 de decembro

16:30 Faladoiro cos veciños e veciñas nos que se recollerán, en conversa informal, as lembranzas vinculadas ao lugar

17:00 Teatro de rúa, para todos os públicos, cunha recreación histórica co Grupo de Teatro Os Quinquilláns

17:30 Concerto acústico homenaxe a Ángel Barja Iglesias a cargo dun cuarteto de corda do Conservatorio de Vigo

Tras un tempo de conversa para recuperar e compartir a memoria do lugar vinculada á igrexa de Santa Cruz, Monumenta convida a unha sesión de 20 minutos co grupo “Os Quinquilláns – Teatro” na que os espectadores se achegan á historia do lugar, ao seu xeito de vida, os seus conflitos...

Sinopse: ELVIRA está alindando na VACA arredor da igrexa. ELVIRA pretende que a vaca non se achegue á xente e que atenda a pacer, pero A VACA quere contarlle a historia da igrexa e moitos dos aconteceres que hai alí. Cando a xente atende a VACA, ELVIRA móstralles moitas das herbas e remedios menciñeiros que hai arredor da igrexa e do avogosas que foron moitas santas para moitas enfermidades...

E para pechar a xornada, concerto do cuarteto de Corda do conservatorio de Vigo. Mario Peris Salom, Manuel Antonio Sabuedo Maña, David López López e

Beatriz Laborda interpretarán o *Cuarteto de corda nº 1 en Re maior* (1969) do falecido Ángel Barja Iglesias, natural de Terroso. Este

músico, ao longo da súa prolífica carreira, este escribiu música sinfónica, de cámara, para piano, para órgano e máis de douscentos títulos de música coral e vocal en castelán, francés, italiano, latín, galego, catalán e éuscaro.

Igrexa de San Pedro de Moreiras. Toén (Ourense)

8 de decembro

11:00 Obradoiros infantís sobre a restauración de retablos Micro concerto para campás, cuncas tibetanas e zanfona con Ariel Ninas

As campás da igrexa, elementos comunicativos centrípetos na cultura occidental (Murray Schafer, *The tuning of the world*, 1977), aínda gardan na memoria colectiva un importante oco na nosa imaxinación. Aínda máis as campás da parroquia rural. Despois dos obradoiros infantís, seguindo este dito sobre as campás de Toén, Ariel Ninas propón un micro concerto de 15' para campás, cuncas tibetanas e zanfona buscando a complicidade do espectador e “chamar á oración” ao ouvinte coa intención de forzar a inmersión sonora na súa escoita con estes instrumentos de cativadoras propiedades psicoacústicas.

12:30 Concerto acústico de S@X 21 en formato dúo

S@X 21 son Diego García, Nacho Casas, Pablo Coello e Rafael Yebra. Profesores de saxofón dos distintos Conservatorios de Galicia e da Escola Municipal de Ourense e das Bandas de Música de Ourense e Santiago. Mais aló da tradicional concepción do cuarteto de saxofóns, eles traballan en múltiples combinacións e permutacións instrumentais segundo as diferentes posibilidades do programa. Nesta oportunidade, en formato dúo, a música que interpretarán son transcripcións de música do Renacemento adaptadas para un instrumento máis novo como o saxofón, emulando así unha restauración musical para esta actuación en San Pedro de Moreiras, cun retablo do século XV.



MONUMENTA
MUSEO
PATRIMONIO RESTAURADO
EN
TIA

Nota importante: *As actividades do programa poden variar o seu emprazamento por condicións climatolóxicas. Consultar o blog galiciamonumenta.wordpress.com

**Gabinete de prensa da Consellería
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
San Caetano, s/n - 15781 Santiago de Compostela
981 957 350 / 981 544 490 - Fax: 981 544 496
Enderezo-e: prensa.cultura.educacion@xunta.es**

**Gabinete de prensa Monumenta
Móbil: 609504276
Enderezo-e: alex@sinsalaudio.org
Enderezo-e: prensa@sinsalaudio.org**

400 ANOS

HEREDIMONIO RESTAURADO

EN

ORGANIZA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

15